	<ul style="list-style-type: none"> TICB3.1.3. Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos. 	1ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> Crea unha base de datos sinxela incluíndo os seguintes obxectos: táboas, consultas formularios e informes. 	Probas escritas. Probas prácticas na aula.
	<ul style="list-style-type: none"> TICB3.2.1. Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido. 	1ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> Realiza presentacións sinxelas integrando texto e elementos multimedia adecuando a mesma ao público ao que vai dirixido. 	Probas escritas. Probas prácticas na aula.

Tecnoloxías da Información e da Comunicación. 4º de ESO				
Bloque	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
	<ul style="list-style-type: none"> TICB3.2.2. Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos. 	1ª Avaliación	Captura información multimedia e a procesa mediante programas de edición de imaxe, audio e vídeo obtendo o resultado no formato deseado.	<p>Probas escritas.</p> <p>Probas prácticas na aula.</p>
Bloque 4	<ul style="list-style-type: none"> TICB4.1.1. Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles. 	2ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> Coñece os principais dispositivos físicos e as características técnicas do intercambio de información entre eles. 	Probas escritas.
	<ul style="list-style-type: none"> TICB4.1.2. Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados. 	2ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> Identifica as principais ameazas á seguridade e as medidas básicas de seguridade pasiva e activa. 	Probas escritas.
	<ul style="list-style-type: none"> TICB4.1.3. Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade. 	2ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> Recoñece a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para acadar seguridade. 	Probas escritas.
Bloque 5	<ul style="list-style-type: none"> TICB5.1.1. Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais. 	3ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> Utiliza a red local da aula de informática para obter e compartir información para o desenvolvemento de actividades. 	<p>Probas escritas.</p> <p>Probas prácticas na aula.</p>
	<ul style="list-style-type: none"> TICB5.2.1. Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais. 	3ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> Publica contidos sinxelos na web que integren texto e gráficos. 	<p>Probas escritas.</p> <p>Probas prácticas na aula.</p>

Tecnoloxías da Información e da Comunicación. 4º de ESO				
Bloque	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
	<ul style="list-style-type: none"> TICB5.2.2. Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade. 	3ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> Deseña unha páxina web sinxela respetando os estándares de publicación e os dereitos de propiedade. 	Probas escritas. Probas prácticas na aula.
	<ul style="list-style-type: none"> TICB5.3.1. Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios. 	3ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> Colabora nalgunha actividade utilizando unha ferramenta TIC de carácter social. 	Probas escritas. Probas prácticas na aula.
Bloque 6	<ul style="list-style-type: none"> TICB6.1.1. Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma. 	3ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> Elabora material sinxelo para a web que permite a accesibilidade á información multiplataforma. 	Probas escritas. Probas prácticas na aula.
	<ul style="list-style-type: none"> TICB6.1.2. Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc. 	3ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> Realiza intercambios de información en algunha plataforma na que esté rexistrado/a e que ofrece servizos de formación. 	Probas prácticas na aula.
	<ul style="list-style-type: none"> TICB6.1.3. Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo. 	3ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> Realiza algunha actividade de sincronización dun móbil cun ordenador. 	Probas escritas. Probas prácticas na aula.
	<ul style="list-style-type: none"> TICB6.2.1. Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade. 	3ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> Participa nalgunha rede social con criterios de seguridade. 	Probas prácticas na aula.

Tecnoloxías da Información e da Comunicación. 4º de ESO				
Bloque	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAIIABLE	TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
	<ul style="list-style-type: none"> TICB6.3.1. Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións. 	3ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> Utiliza algún canal de distribución de contido multimedia para aloxar material propio e enlazalos noutras producións. 	Probas escritas. Probas prácticas na aula.

5. Metodoloxía.

Tras a detección de coñecementos previos, a estratexia para comezar a impartir os contidos será expositora, coa explicación dos aspectos teóricos fundamentais de cada bloque e a realización dunhas prácticas sinxelas polos alumnos para asimilar os mesmos. Tras esta fase inicial a metodoloxía será inminentemente práctica, os alumnos levarán a cabo unhas actividades máis complexas e globais con aplicación reais nas que utilizarán o aprendido previamente.

Cando se observe na detección de coñecementos previos que algún alumno/a xa ten un nivel medio-avanzado do tema, se lles plantexará actividades de máis nivel que o resto da clase para non perder a súa motivación.

6. Materiais e recursos didácticos.

Para impartir a materia utilizaremos a aula de informática do centro que ten 23 ordenadores a disposición do alumnado.

Non se usará libro de texto, traballaremos con materiais de elaboración propia e/ou de libre uso que se atopen dispoñibles na rede. O centro dispón dun aula virtual onde os alumnos terán dispoñible todo o material da materia, ou ben empregárase o correo electrónico e o Google Drive para compartir información.

7. Criterios sobre a avaliación , cualificación e promoción do alumnado.

7.1. Instrumentos de avaliación

Os procedementos e instrumentos de avaliación que utilizaremos serán os seguintes

Exames: faranse unha ou dúas probas en formato dixital por avaliación Avaliaranse sobre 10. Recolleran cuestións de carácter práctico que permitan unha avaliación das competencias. Farase a media entre os exames que supoñerá o 70% da nota de avaliación.

Observación sistemática en clase: o alumno atende, mostra interese, fai preguntas, leva as tarefas ao día segue o procedemento de traballo establecido, respecta as normas de seguridade, colabora e axuda aos demais.

Prácticas de clase: exercicios prácticos realizados na aula, nos que o alumno demostrará os seus coñecementos no manexo das distintas aplicacións informáticas.

7.2. Criterios de cualificación

INSTRUMENTO	PESO
EXAMES (1 ou 2 por trimestre)	70%
TRABALLOS DE CLASE	30%

Consideracións xerais

- Todos os exames e traballos teñen que subilos a Aula Virtual ou compartilos coa profesora mediante Google Drive para que sexan valorados polo profesor no prazo que estipule. Os traballos e actividades entregadas fóra de prazo levarán a cualificación de 0.
- Os traballos prácticos deben entregarse sempre en orden. Se se comparte a Sesión X, non será avaliada ata que se teñan entregadas as Sesións X-1, X-2 ... X-n.
- Os traballos non se entregarán/compartirán ata que estean todos os apartados que a compoñen

completados.

- No traballo nas aulas de informática, o alumnado debe coidar e cumprir as normas de uso dos ordenadores, de non ser así, será tido en conta na cualificación.
- Unha vez fixadas as datas de entrega dos traballos, non se cambiará a data. Só poderá variar por requirimentos de organización do Centro ou outras razóns alleas á clase. En caso de cambio, a proba realizarase ao día seguinte de ter clase co grupo.
- Os traballos consideraranse aprobados se a nota é 5 ou superior, no caso de que a cualificación sexa inferior a 5 consideraranse non superados.
- A nota final en cada avaliación obtense da media ponderada dos procedementos de avaliación, con redondeo a partir do 4,75 a 5, do 5,75 a 6... sempre que non exista ningunha incidencia fraudulenta no traballo de aula.

7.3. Sistema de recuperación de contidos non superado

No caso de que unha avaliación non sexa superada o alumnado terá a posibilidade de recuperala nas semanas seguintes á finalización da mesma. A recuperación será unha proba en formato dixital de carácter voluntario relacionada cos temas vistos en dita avaliación.

Se o/a alumno/a aproba o exame de recuperación, esta consideraranse recuperada. A nota final de avaliación resultará de facer media aritmética entre a recuperación e a nota que obtivera na avaliación. En ningún caso se fará redondeo, é dicir se a media entre a nota da avaliación suspensa e a recuperación é de 6,8 a nota resultante será de 6. No caso de que no examen de recuperación obteña un 5 e a media coa nota de avaliación suspensa non chegue ao 5, darase igual por recuperada a avaliación e manterase o 5 para facer media aritmética coas demais avaliacións para obter a nota de xuño.

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Nese sentido, para o alumnado que teña a materias con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o departamento deseñará as correspondentes actividades que considere en cada caso, atendendo as indicacións do informe de avaliación individualizado. A cualificación definitiva da materia farase efectiva na avaliación final de curso.

7.4. Nota ordinaria de xuño

A nota final de xuño resultará de facer a media aritmética entre a nota resultante das tres avaliacións.

Alumnado con media de 5 ou superior durante o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de ampliación. A correcta realización das mesmas poderá supoñer un incremento de ata o 1 punto na media aritmética das avaliacións parciais.

Alumnado con media inferior a 5 durante o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo e recuperación. O alumnado realizará unha proba obxectiva que versará sobre os contidos impartidos durante o curso. Esta será común para todo o alumnado do mesmo curso. Para aprobar a materia é necesaria a cualificación mínima total de 5 sobre 10 e non haberá redondeo en ningún caso. Dado que só se terán en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles para a superación de toda a materia a nota máxima de esta proba será de 5 sobre 10.

Criterio de redondeos nas cualificacións:

Poderase aplicar o redondeo na cualificación a partir do 4,75 ao 5, do 5,75 ao 6 e así sucesivamente. Pero para isto son imprescindibles as seguintes premisas:

- 1º Que non teña ningunha avaliación suspensa.

2º Que non tivese que recuperar ningunha avaliación.

3º Que non exista ningunha incidencia fraudulenta no traballo de aula nin nas probas.

4º Que o alumno/a mostre unha evolución positiva ao longo do curso ou trimestre para o que se terá en conta que todos os tarefas sexan presentadas a tempo e non exista ningunha incidencia negativa no traballo de aula.

7.5. Promoción

Os criterios de promoción os establecerá o centro conforme a Lexilación Educativa vixente.

8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

Se pretende avaliar os seguintes aspectos:

Planificación das tarefas. Dotación de medios e tempos. Distribución de medios e tempos. Selección do modo de elaboración.

Participación. Ambiente de traballo e participación.

Proceso de integración no traballo. Relación e implicación dos pais. Relación entre os alumnos, e entre estes e os profesores.

Práctica docente individual: claridade na exposición, gradación da dificultade nas actividades programadas, atención á diversidade en todos os seus aspectos. Actividades teóricas e prácticas propostas: claridade no enunciado, dificultade na súa resolución, avaliación do tempo necesario para realizalas.

Para avaliar a súa propia práctica docente, o profesor utilizará instrumentos como:

- Cuestionarios aos alumnos e aos pais.
- Intercambios orais: entrevista con alumnos e pais, debates, reunións con pais, ... Observadores externos.
- Gravacións en magnetófono o vídeo análise posterior.
- Resultados do proceso de aprendizaxe dos alumnos
- **Indicadores de logro do proceso de ensino.**

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

- **Indicadores de logro da práctica docente**

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				

9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Este curso académico 2021- 2022 non temos alumnado coa materia pendente.

10. Deseño da avaliación inicial.

- a. Temporalización. Terá lugar nos primeiros días de clase e as probas deberán rematarse no mes de setembro. A xefatura de estudos realizará un calendario que recolla datas de probas, sesións de preavaliación e reunións de información ás familias (reunións de inicio de curso que serán a posteriori das reunións de preavaliación).
- b. A avaliación inicial farase, conforme á normativa, en todos os cursos da ESO, e con especial atención nos cursos de 1º por ser o inicio da etapa e descoñecer o profesorado ao alumnado.
- c. Cada departamento elaborará as probas de avaliación inicial para cada curso e na súa materia. Estas probas deben ter en conta as competencias e os contidos previos desa materia.
- d. A avaliación de competencias que os titores deberán consignar no XADE como avaliación inicial, farase da mesma forma que na avaliación final (táboa das porcentaxes). A xefa de estudos enviará o protocolo para levala a cabo.
- e. **Sesións de preavaliación.** Nas primeiras semanas de outubro levarase a cabo as sesións de preavaliación, onde se avaliará o nivel de competencia a nivel grupal e individual. Será coordinada polos titores coa participación do profesorado de cada grupo, xefatura de estudos e departamento de orientación, a partir dun guión establecido previamente que recollerá:
 - Información das características do grupo. Resultados das probas a nivel grupal.
 - Información relevante do alumnado a nivel individual e resultados individuais do mesmo nas probas de avaliación inicial. A información previa poderá obterse a través do XADE, informes do titor anterior, observación na aula, expedientes, información de orientación...
 - Medidas a adoptar na reunión:
 - Para o grupo e que poden ser traballadas na tutoría (normas, cambios na ubicación, medidas excepcionais como cambio de grupo...)
 - Reforzo educativo ordinario por parte do profesorado de cada materia.
 - Posible nova proposta de exención de Francés.
 - Proposta de alumnado para elaboración de ACIs.
 - Proposta de organización para o alumnado que recibirá apoio por parte da profesora de PT, tanto dentro da aula como fóra dela.
 - Proposta de posible alumnado para avaliación psicopedagóxica polo departamento de orientación.
 - Establecer el nivel competencial de cada grupo e introducir os axustes precisos nas programacións dos departamentos para adaptarse a el.
 - Obter, por parte dos titores, información precisa para as reunións de inicio de curso coas familias.
- f. **De cada reunión levantarase acta. Os resultados da avaliación inicial** de cada alumno deberán quedar reflexados na aplicación XADE por parte dos titores. Estes resultados serán a referencia inicial para a consecución das competencias que debe ser avaliada ao remate do curso.
- g. A partir desta información levaranse a cabo as **reunións de inicio de curso coas familias** a mediados de outubro.

11. Medidas de atención á diversidade.

A realidade de calquera grupo de alumnos/as e heteroxénea, presentando todos eles diferentes niveis de maduración persoal así como intereses, motivación e aptitudes. Para a tender dende a programación á diversidade podemos facer as seguintes accións entre outras:

- Graduar a dificultade das tarefas propostas, de forma que todo o alumnado poida atopar espazos de resposta máis ou menos amplos.
- Formar grupos de traballo heteroxéneos.
- Propor actividades complementarias afíns ás actividades que se están tratando.
- Posibilitar proxectos alternativos que contemples os contidos esenciais.
- Convén prestar atención a ter en conta os informes individualizados que nos remite o departamento de orientación.

12. Elementos transversais.

- Educación do consumidor O estudo dos distintos sistemas operativos existentes no mercado aporta o alumno criterios de selección como consumidor responsable. O uso de software libre fronte ó software comercial instalado de forma fraudulenta concienciará aos alumnos sobre a importancia do consumo responsable e legal. A electrónica de consumo converteuse na principal opción de gasto para as familias e os rapaces da nosa sociedade. Todos queremos posuír o último gadget (teléfono móbil, cámara fotográfica, PDA, consola, etc.), aínda que non entendamos ben as súas funcións. Axudarase a comprender un pouco mellor algunhas das características que ofrecen estes aparatos (Wifi, bluetooth, infravermellos, conexión de rede, etc.) e converter aos alumnos en consumidores un pouco máis responsables, pois coñecen mellor o que queren adquirir e pódense cuestionar si realmente o necesitan. A tecnoloxía existente na actualidade creou novos perigos e posibilidades de fraude; o coñecemento dos perigos existentes na rede e do software mal intencionado permitiranos tomar medidas de prevención e protección para manter a salvo os nosos equipos informáticos e os nosos datos persoais.
- Educación ambiental Un aspecto importante relacionado coa utilización dos equipos informáticos é o consumo enerxético; daranse ferramentas ao alumno para promover o aforro enerxético.
- Educación para a saúde. A implantación dos ordenadores na vida laboral e no tempo de lecer fai que os usuarios pasen moito tempo fronte ao ordenador cos conseguíntes problemas de saúde que isto pode acarrear. Daranse unha serie de consellos relacionados coa saúde e a seguridade no manexo dos ordenadores persoais.
- Educación moral e cívica Concienciar ao alumno sobre a ilegalidade do uso de software comercial sen a correspondente licenza, dándolle a coñecer outras alternativas gratuítas, contribúe a formación en valores do individuo. Internet é un recurso que correctamente utilizado axúdanos a cubrir necesidades de lecer, formación, emprego, etc., pero ten a peculiaridade que paralelamente ofrece servizos menos recomendables sen importar a idade do usuario. A formación sobre a técnica utilizada e a educación en valores axudará os nosos alumnos a saber rexeitar os contidos menos desexables. A facilidade con que un alumno pode acceder a pornografía na rede, a producións de vídeo pouco desexables e a recursos ilegais pode confundir a un rapaz que está formándose e creando os seus propios valores. Desde esta materia cando nos referimos ao mundo das descargas debemos dar recursos técnicos que permitan ao alumno rexeitar estes contidos en función das súas conviccións morais e éticas.

13. Actividades complementarias e extraescolares.

Nesta materia non contemplamos actividades complementarias e extraescolares, se ao longo do curso, no centro a través da biblioteca ou dalgún departamento , houbera algunha actividade de interese ou fora do centro o alumnado participaría.

14. Aplicación dos plans e proxectos do centro.

- **Actividades do Proxecto Lector.**

Como actividades comúns para o fomento da lecto-escritura en tódalas etapas educativas o Proxecto Lector propón as seguintes:

Hora de ler: 20 minutos diarios de lectura recreativa

Libreta-diccionario: anotación diaria do novo vocabulario

Foros ou Clubs de lectura

Lectura e creación de documentos literarios e informativos (poemas, cancións, slogans, tarxetas postais, cartas, artigos xornalísticos, informes, montaxes audiovisuais, presentacións dixitais, fotos, collages....) relacionados con diversas celebracións, por exemplo:

25 de novembro: Día contra a violencia de xénero

10 de decembro: Día dos Dereitos Humanos

30 de xaneiro: Día da paz

14 de febreiro: Día da Candeloria

21 de marzo: Día da poesía

de abril: Día do libro

17 de maio: Día das letras galegas

Colaboración na revista DTodo e nos blogs do centro, ciclo, aula..

Exposicións dos documentos creados nas diferentes actividades

Visitas periódicas á biblioteca para a realización de diferentes actividades (lectura, préstamo, busca de información, formación de usuarios...)

Ademais e dentro do Itinerario Lector como actividades de fomento da lectura durante as clases leranse e recomendarase a lectura de artigos e libros relacionados co currículo da materia e doutros libros que axuden a espertar o interese dos alumnos polas ciencias e a tecnoloxía.

Actividades para a adquisición de estratexias básicas na lecto-escritura.

Lectura comprensiva.

Subliñado.

Diferenciación de ideas principais e secundarias.

Organización das ideas a partir da elaboración de mapas conceptuais.

Elaboración de esquemas con maior información.

Elaboración dos seus propios documentos a partir de diferentes fontes dadas e un guión fixado.

Actividades de lecto-escritura para a creación de información e documentación propia.

Coñecemento dun vocabulario técnico.

Co método de análises e proxectos propios da materia trabállanse a busca, análise, selección, resumo e comunicación da información, así como a lectura, interpretación e redacción de informes e documentos.

▪ **Actividades do Plan Tics**

O obxectivo principal desta área de coñecemento ten que ser poñer nas mans do alumnado unha ferramenta que poida aplicar no resto das áreas, cara a mellorar as súas competencias nelas, ao tempo que mellore, en xeral, a súa capacidade de comprensión e expresión oral e escrita, as súas posibilidades de acceso á información e de presentación e publicación dos traballos realizados.

Como actividades complementarias sinalamos os seguintes:

1. Uso de programas que faciliten a consecución dos obxectivos propostos na área.
2. Utilización do ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
3. Potenciar a comunicación cos seus iguais.
4. Mellorar a proposta pedagóxica e a práctica docente aproveitando as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación.
5. Uso das tecnoloxías da información e a comunicación para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades ...
6. Consulta de información a través das tecnoloxías da información e a comunicación, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a actividade docente.
7. Intercambio de experiencias, coñecementos, iniciativas ... en diversas redes de colaboración como a internet.
8. Integración das tecnoloxías da información e a comunicación como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con todos os axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles.

15. Avaliación da propia programación

Os indicadores a avaliar serán:

- Desenvolvemento en clase da programación.
- Relación entre obxectivos e contidos.
- Adecuación de obxectivos e contidos coas necesidades reais.
- Adecuación de medios e metodoloxía coas necesidades reais.
- A avaliación da PD se realizará ao longo de todo o curso e moi especialmente ao finalizar este, utilizando os resultados obtidos tanto no proceso de aprendizaxe coma na propia práctica docente, así como o estudo comparativo con cursos anteriores dos resultados finais obxectivos e subxectivos (motivación do alumnado, interese pola materia en todos os cursos e moi especialmente en 4º onde é optativa, ...), do aprendizaxe dos alumnos. Os resultados utilizaranse para realizar as modificacións precisas sobre esta programación.

16. Adaptacións da programación debido á crise sanitaria causada pola COVID-19:

- **Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia.**

Na planificación do curso 2021-22, debemos ter en conta a evolución da pandemia que podería requirir a suspensión da actividade presencial en todo el sistema (on line) ou en determinados centros ou grupos docentes. Por iso, resulta imprescindible facer unha planificación que inclúa un Plan de adaptación do ensino a modalidade online.

Clases online

O alumnado poderá seguir as clases mediante:

- Aula Virtual onde se colgarán apuntes, actividades e se abrirán foros para consultar as dúbidas.
- Clases on line por Webex

- **Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática**

Todo o alumnado do centro ten a súa disposición un portátil para poder seguir as clases online, se algún alumno/a non puidera dispoñer de conexión a internet o centro posúe routers wifi para que todo o alumnado que o precise poda seguir as clases e evitar que non se quede atrás.

- **Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.**

Ao principio de curso todo o alumnado recibirá unhas instrucións orientadas especificamente a mellorar a súa competencia dixital, na que se lles ensine, de forma adecuada ao seu nivel e necesidades, a metodoloxía de traballo en líña e practique o manexo da aula virtual do centro, para que todo el alumnado poda manexarse con en ela coa suficiente destreza.

Para iso se terá en conta:

- Asegurarse que os alumnos coñecen as claves de acceso a Aula Virtual e Webex
- Comprobar as necesidades dos distintos alumnos en canto a recursos TIC.

En Miño a 22 de Setembro de 2022

A profesora: Mónica Mato